



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés

Materia	Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés			
Código	V01G180V01203			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Lyons , Aoileann Judith Molares Pascual, Selene Rama Martínez, María Esperanza			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web	http://http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia ocúpase da lingua instrumental a nivel B2 e préstalles atención ao uso do vocabulario e a gramática na comunicación oral. A comprensión auditiva céntrase na discriminación de son e na comprensión xeral. O curso ten unha orientación práctica.			

Para poder seguir mellor as clases é aconsellábel posuír un nivel B1.2 (intermedio) de inglés.

Competencias

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.

B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C4	Desenvolver as nocións fundamentais de vocabulario en temas básicos e expandir estes coñecementos a temas máis complexos, fomentando a aplicación práctica do vocabulario á lectura e redacción de textos, así como á comprensión e expresión oral.
C6	Sentar as bases para o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.
C10	Acrecentar habilidades de comprensión e expresión oral tanto para información específica como para información xeral.
C11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.
C13	Desenvolver a capacidade de organización e planificación da lingua oral e escrita tomando como base os coñecementos gramaticais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión.	A1	B1 B5	C1 C2 C6 C10
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo.	A1 A4	B1 B5	C2 C6 C10 C13
Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A2 A4	B6 B9 B11	C2 C6 C10 C11 C13
Comprensión dos aspectos gramaticais indispensables para a organización do discurso oral.	A4	B5	C6 C13
Desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión oral no uso do vocabulario e a produción do discurso oral en base aos coñecementos adquiridos a través da lectura e a redacción.	A2 A3 A4	B5 B9	C4
Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos a contextos orais e escritos.	A1 A2 A3 A5	B5 B13	C13
Expansión dos coñecementos teóricos e prácticos para a posterior aplicación no exercicio profesional.	A2 A5	B5 B13	C11

Contidos

Tema	
1. English in Use	1.1. Modal verbs 1.2. Passive voice 1.3. Relative clauses 1.4. Questions and auxiliary verbs: yes/no questions, short answers, question words, question tags 1.5. Infinitives and -ing form: verb + to infinitive, verb + infinitive without to, verb + -ing, verb + object + infinitive, verb + that 1.6. Conditionals
2. Topics for vocabulary and speaking	2.1. Health 2.2. Music 2.3. Media and advertising 2.4. Employment and unemployment 2.5. Sport, travel, and other leisure activities 2.6. Food and drinks 2.7. Science and the environment 2.8. Crime
3. Listening skills	3.1. General comprehension 3.2. Listening for details
4. Speaking activities	4.1. Presentations 4.2. Role-plays

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	0	8
Resolución de problemas	16	32	48
Presentacións/exposicións	13	24	37
Traballos de aula	13	20	33
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	0	22	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia: obxectivos, contidos, metodoloxías, sistema de avaliación e materiais.
Lección maxistral	Explicacións sobre os contidos gramaticais incluídos no tema de uso da lingua inglesa e introdución dos temas de vocabulario.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios na aula baseados nos contidos gramaticais e de vocabulario. Son complemento das sesións maxistrais.
Presentacións/exposicións	Presentacións e actividades de simulación na aula encamiñadas á práctica de vocabulario e da expresión oral.
Traballos de aula	Actividades encamiñadas a desenvolver a comprensión auditiva.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Realización de exercicios de gramática e vocabulario fóra da aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que fornece a plataforma de teledocencia Faitic). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Presentacións/exposicións	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que fornece a plataforma de teledocencia Faitic). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación						
	Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Dúas probas realizadas ao longo do curso baseadas nos contidos gramaticais e léxicos impartidos (gramática: 30%; vocabulario: 20%).	50	A1 A2 A3	B1 B5 B13	C1 C4 C13	
Presentacións/exposicións	Avaliación das presentacións, simulacións e outras actividades orais realizadas nas clases prácticas.	25	A3 A5	B1 B6 B9	C2 C4 C6 C10 C11 C13	
Traballos de aula	Dúas probas de escoita realizadas ao longo do curso, a primeira en sesión de aula e a segunda na data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade.	25	A1 A5	B13	C2 C4 C10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A1) Avaliación continua

A avaliación será continua conforme ao sistema detallado arriba e terá lugar ao final do segundo cuatrimestre.

A asistencia ás clases non é obrigatoria, pero si é obrigatorio realizar todas as probas previstas na avaliación. As probas non realizadas contarán como un cero. A primeira proba escrita terá lugar ao final da unidade 3 de gramática e da unidade 4 de vocabulario (aproximadamente na semana 8 de clases). Na mesma semana celebrarase a primeira proba de escoita. A segunda proba escrita e a segunda proba de escoita terán lugar nas datas establecidas no calendario de exames aprobado na Xunta de Facultade. Todas as datas exactas das probas avaliáveis (escritas) figurarán no cronograma entregado ao comezo do cuatrimestre, e tamén serán anunciadas na aula e en Faitic con antelación suficiente. Se un/ha alumno/a, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algunha proba, deberá falar co profesorado con anterioridade á data de realización da proba, para establecer unha nova data. As probas de expresión oral terán lugar nas sesións de clase e serán programadas e anunciadas coa debida antelación por Faitic e na aula. No caso de que houbera alumnado que non puidese realizar algunha destas probas de expresión oral na data e/ou hora programadas, deberá porse en contacto coa profesora de prácticas con antelación.

Este proceso de avaliación está deseñado para o alumnado que asista a clase regularmente. É responsabilidade do alumnado estar en contacto coa materia tanto se asistiu ás clases coma se non.

A2) Avaliación única

O alumnado que non realice a avaliación continua será avaliado mediante dúas probas que terán lugar ao final do cuatrimestre:

- a) un exame escrito, que suporá o 75% da nota global e constará de exercicios de gramática (30%), vocabulario (20%) e escoita (25%);
- b) un exame de expresión oral, que contará como o 25% restante.

As datas dos exames escritos terán lugar nos días establecidos no calendario de exames aprobado na Xunta de Facultade e serán lembradas por Faitic coa antelación necesaria. Para a realización da proba de expresión oral, o alumnado deberá porse en contacto co profesorado da materia con anterioridade ao final das clases.

Requisitos para aprobar a materia tanto para o alumnado de avaliación continua como de avaliación única:

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación individual de alomenos un 4 en cada unha das catro partes (gramática, vocabulario, escoita e expresión oral). De non cumprirse este requisito, aínda que a media aritmética das catro partes sexa superior a 5, a/o alumna/o non superará a materia.

No caso de superar dous ou tres das catro partes na primeira edición de actas, conservarase a cualificación ata a segunda edición de actas de xullo, na que a/o alumna/o se deberá examinar das partes non aprobadas. Se un/a alumno/a suspende tres partes na primeira edición de actas, deberá examinarse de toda a materia na segunda edición.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que non supere a materia na primeira edición de actas poderase presentar en xullo para a segunda edición de actas. A avaliación consistirá en dúas probas:

- a) un exame escrito, que suporá o 75% da nota global e constará de exercicios de gramática (30%), vocabulario (20%) e escoita (25%);
- b) un exame de expresión oral, que contará como o 25% restante.

A data do exame escrito será a data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade. Para a realización da proba de expresión oral, o alumnado deberá porse en contacto co profesorado da materia con antelación.

Como na primeira edición de actas, para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación individual de alomenos un 4 en cada unha das catro partes (gramática, vocabulario, escoita e expresión oral). De non cumprirse este requisito, aínda que a media aritmética das catro partes sexa superior a 5, a/o alumna/o non superará a materia.

A copia ou plaxio total ou parcial no exame suporá un cero na parte correspondente do exame. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Thomas, B., L. Hashemi & L. Matthews, **Grammar and Vocabulary for First and First for Schools (with answers and audio)**, 1st ed., Cambridge University Press, 2015

Bibliografía Complementaria

Comfort, J., **Effective Presentations**, 1st ed., Oxford University Press, 1995

Eastwood, J., **Oxford Practice Grammar Intermediate (with answers)**, 3rd.ed, Oxford University Press, 2006

Hashemi, L. & B. Thomas, **Grammar for First Certificate with Answers. Self-study Grammar Reference and Practice**, 2nd ed., Cambridge University Press, 2008

Hewings, M., **Advanced Grammar in Use: A Self-study Reference and Practice Book for Advanced Students of English (with answers)**, 3rd ed., Cambridge University Press, 2013

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Vocabulary in Use. Upper-intermediate. Vocabulary Reference and Practice (with answers)**, 3rd ed., Cambridge University Press, 2012

Murphy, R., **English Grammar in Use: A Self-study Reference and Practice Book for Intermediate Students (with answers)**, 4th ed., Cambridge University Press, 2012

Swan, M., **Practical English Usage**, 1st ed., Oxford University Press, 2005

Thomas, B. & L. Matthews, **Vocabulary for First Certificate with Answers. Self-study Vocabulary Practice**, 1st ed., Cambridge University Press, 2008

Vince, M., **Language Practice for First. English Grammar and Vocabulary (with key)**, 5th ed., Macmillan, 2014

Vince, M., **Language Practice for Advanced. English Grammar and Vocabulary (with key)**, 4th ed., Macmillan, 2014

Yule, G., **Oxford Practice Grammar. Advanced (with answers)**, 1st ed., Oxford University Press, 2006

Cambridge Advanced Learner's Dictionary, 4th ed., Cambridge University Press, 2013

Oxford Wordpower Dictionary, 4, Oxford University Press, 2012

Merriam-Webster Online Dictionary and Thesaurus, Merriam-Webster,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Outros comentarios

Recoméndase a asistencia e participación activa nas sesións presenciais, por constituír un elemento chave na adquisición das competencias desta materia por parte do alumnado. Porén, a asistencia por si mesma non é un elemento avaliábel.

Aconséllase tamén o estudo diario dos contidos gramaticais e léxicos impartidos nas aulas, así como a realización de exercicios prácticos sobre ditos contidos de xeito autónomo.

Para poder seguir mellor as clases é aconsellábel posuír un nivel B1 (intermedio) de inglés.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.
